

Información para alumnado

Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas

TR301X

Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, destinadas a persoas traballadoras ocupadas e dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral conducentes a unha formación formal total ou parcial incluída nun certificado profesional, ou á adquisición de competencias clave

Orzamento 2025
4.000.000 €



Persoas destinatarias da formación

As accións formativas obxecto de financiamento dirixiranse ás persoas traballadoras ocupadas.

A consideración de **persoa traballadora ocupada** virá determinada pola situación laboral na **data de validación** da acta de selección polas oficinas de emprego. As persoas traballadoras ocupadas que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo **poderán seguir participando** na acción formativa que estean a cursar.

Prazo límite para a
execución das accións
formativas

29/11/2025



Selección do alumnado

- A selección do alumnado participante nas accións formativas será **realizada pola entidade beneficiaria**.
- Dentro das actividades de difusión e promoción para a selección do alumnado, as entidades beneficiarias poderán realizar **convocatorias públicas** nos medios e canles que consideren, incluíndo cando menos a seguinte **información**:

- A **institución ou centro** ofertante.
- As **vacantes** existentes.
- A **acción formativa** de que se trata, con indicación do código e denominación da especialidade formativa, e as súas **datas de inicio e fin**.

- O **perfil requirido** do alumnado.
- A **modalidade** de impartición.
- O **endereço e teléfono** do lugar de realización das probas de selección, así como a **data e a hora** en que estas terán lugar.

O alumnado que realízase unha especialidade formativa e teña dereito a diploma non poderá volver realizar outra acción formativa da mesma especialidade.

Acción formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas

TR301X



Modalidades de impartición

→ A formación poderá realizarse nas modalidades **presencial** ou **virtual**.

Modalidade presencial

Aquela que ten lugar nunha aula, coa presenza do profesorado, que transmite os coñecementos nun mesmo lugar e tempo a un grupo de alumnado.

Modalidade virtual

Aquela na que a parte presencial do contido específico da especialidade formativa sexa igual ou inferior ao 20 % da súa duración total.

- As accións formativas dirixidas a impartir **competencias clave** desenvolveranse na **modalidade presencial**, e non estará permitida a formación a través de aula virtual.
- As sesións de **formación e avaliación presencial** deberán realizarse en **centros de Galicia homologados** para impartir a correspondente especialidade formativa.
- De ser o caso, a modalidade presencial **podrá incluír o uso de aula virtual** como contorna de aprendizaxe onde a persoa formadora e o alumnado interactúan, **de forma concorrente e en tempo real**, a través dun sistema de comunicación telemático de carácter síncrono.
- O alumnado dos cursos impartidos na modalidade virtual ou a través de aula virtual **deberá dispor dos medios técnicos necesarios** para poder seguir con aproveitamento a formación: micrófono, cámara web, que deberá estar acesa e en uso durante toda a sesión formativa, e conexión adecuada.



Avaliación da formación e diplomas

Ofertas de Grado A

Para poder presentarse á proba de avaliación final, a persoa en formación deberá xustificar unha **asistencia de, cando menos, o 75 % das horas totais** deste na **modalidade presencial**, ou un **75 % das actividades de aprendizaxe na modalidade virtual** realizadas e superadas en, **polo menos, o 70 %**, con independencia das horas de conexión.

A formación non terá cualificación numérica e reflectirase como **"superada"** ou **"non superada"**.

Ofertas de Grado B

Nas ofertas dos graos B e C, para poder presentarse á proba de avaliación final dun módulo profesional a persoa alumna deberá xustificar unha **asistencia de, cando menos, o 75 % das súas horas totais na modalidade presencial** ou, con independencia das horas de conexión, **ter realizado un 75 % das actividades de aprendizaxe na modalidade virtual** e superado, **polo menos, o 70 %**.

Ofertas de Grado C

Cada módulo profesional terá unha cualificación numérica entre 1 e 10 e quedará reflectido como **"superado"** (para puntuacións iguais ou superiores a 5) ou **"non superado"**. Nas ofertas do grao C, a cualificación final será a **media aritmética** das cualificacións de todos os módulos expresada con dous decimais.

- As ofertas de grao C contarán con **2 convocatorias** por módulo profesional, mentres que as do grao B contarán **cunha única convocatoria**, agás casos excepcionais.
- Nas formacións dos graos B e C cursadas na **modalidade virtual**, será obrigatoria a **asistencia ao 100 %** das titorías presenciais, e a avaliación final de cada módulo profesional esixirá a superación dunha **proba presencial**.
- Nas competencias clave, o alumnado deberá xustificar unha **asistencia de, cando menos, o 75 % das horas totais** da especialidade.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

Rematada unha acción formativa e logo da solicitude da entidade, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración emitiralles ás persoas alumnas que superasen o curso os correspondentes diplomas.